

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

DESENVOLVEMENTO CURRICULAR (ASPECTOS XERAIS)



ÍNDICE

1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO	3
2. TRATAMENTO TRANSVERSAL DOS VALORES E OUTRAS ENSINANZAS	4
3. ASPECTOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA	5
4. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS	6
5. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS MEMORIAS FINAIS DOS DEPARTAMENTOS	9
6. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL	10
6.1 PRINCIPIOS XERAIS E OBXECTIVOS DO PAT	10
6.2 CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DO PAT	11
6.3 ÁMBITOS DA ACCIÓN TITORIAL NA ESO	12
7. CONCRECIÓN DOS CONTIDOS CURRICULARES: CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	12
8. MATRÍCULA NA ESO E NO BACHARELATO. CONCRECIÓN DA OFERTA DAS MATERIAS OPTATIVAS.	13
8.1 EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	14
8.2 BACHARELATO	21
8.3 EXENCIÓN DA CUALIFICACIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA	23
8.4 EXENCIÓN DA MATERIA 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS)	24
8.5 VALIDACIÓN PARA O ALUMNADO QUE CURSA AS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA E DANZA	25
9. MATERIAS E MATRÍCULA NAS ENSINANZAS DE ADULTOS	26
9.1 EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS	26
9.2 CICLO MODULAR DE ADULTOS	27
9.3 PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA	28
9.4 VALIDACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS E EXENCIÓN DO MÓDULO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO	28

10. OBXECTIVOS E MEDIOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO BILINGÜE	29
11. PORCENTAXE DE CONTRIBUCIÓN DE CADA MATERIAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE	31
12. PROCEDEMENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO	37
13. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN E DE TITULACIÓN	38
14.1 PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO	38
14.2 PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO	41
14.3 REFERENCIAS LEXISLATIVAS	42
14. CRITERIOS XERAIS PARA A OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA	42
15. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN ÁS CUALIFICACIÓNS FINAIS E/OU PROMOCIÓN OU TITULACIÓN	44
16. PROXECTOS EDUCATIVOS ANUAIS	51
17. PLANS E PROXECTOS XERAIS DO CENTRO	53

1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO

Segundo o **Artigo 10 do D. 86/2015 que fai referencia aos obxectivos da educación secundaria obrigatoria**, contribuirase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo relixión, etnia, cultura ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, potenciando valores como a solidariedade, a tolerancia, o diálogo, o interese, o coñecemento e o respecto pola diversidade cultural. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada potenciando o aprecio e a aprendizaxe, dentro das posibilidades do centro, doutras linguas e/ou dialectos propios dos inmigrantes que conviven con nós.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos tanto da cultura e historia propia como da cultura e a historia e o patrimonio cultural e artístico doutros pobos como o romanés, o marroquí, o pobo xitano e mesmo calquera outro ao que pertenza algún alumno o alumna do noso centro. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega e ás culturas dos pobos antes citados.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2. TRATAMENTO TRANSVERSAL DOS VALORES E OUTRAS ENSINANZAS

O IES Cabo Ortegal intentará avanzar para chegar a unha verdadeira educación integral, potenciando a transversalidade de forma que se inclúan valores que contribúan a formar integramente a todo o alumnado tanto da ESO coma do Bacharelato. Será preciso pois, incluír o tratamento dos valores en todas as disciplinas tendo en consideración estes obxectivos sociais e culturais tan importantes para a convivencia como imprescindibles para a formación dos cidadáns.

O centro velará polo cumprimento deste propósito de xeito que as programacións didácticas das distintas materias reflectan o modo en que se abordará o tratamento dos valores en cada unha delas. Así mesmo, nos distintos plans e proxectos do centro serán tidos en conta

contidos de ensino e aprendizaxe relacionados con eses eixos transversais non incluídos directamente no currículo.

Como criterios xerais para incluír a presenza dos elementos de carácter transversal nas materias e ámbitos propoñemos os seguintes:

- a) Integrar os elementos transversais no traballo diario da aula.
- b) Relacionar os obxectivos das programacións cos principios dos elementos transversais.
- c) Integrar os contidos propios de cada materia e ámbito cos principios dos contidos transversais.
- d) Facilitar a libre expresión do alumnado, amosando sempre respecto a toda a comunidade educativa.
- e) Organizarase a práctica docente de modo que estimule a diversidade no pensamento.
- f) Potenciarase a acción titorial como medio para favorecer no alumnado actitudes de participación e responsabilidade.
- g) Definir de xeito explícito nas actividades curriculares e extracurriculares o tratamento da educación en valores para que a educación cumpra a misión de contribuír á formación integral do alumnado.
- h) Transmitir ao alumnado os valores básicos dunha sociedade democrática e incentivar a súa participación na mellora da comunidade educativa e da sociedade en xeral.
- i) Eliminar todo tipo de discriminacións e de estereotipos sexistas, practicando unha educación en igualdade que transmita ao alumnado unha formación crítica e integral coa finalidade de preparalo para unha vida futura respectuosa na que a igualdade de dereitos e oportunidades sexa unha realidade.

3. ASPECTOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA

- a) Desenvolveremos unha metodoloxía activa e cooperativa, favorecendo o traballo individual e en grupo para intentar acadar os obxectivos e as competencias correspondentes.
- b) Promoveremos no noso alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que se converta na base da súa formación.
- c) Fomentarase o traballo en equipo do profesorado coa finalidade de garantir a coordinación de todos os membros dos equipos docentes de cada grupo.
- d) Nas programacións didácticas deberán figurar as estratexias que desenvolverá o profesorado a fin de alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis que estean previstos en cada materia ou ámbito. Así mesmo figurarán tamén os métodos a empregar para conseguir o dominio das competencias clave.

- e) Especial atención deberá prestarse á diversidade do alumnado, procurándolle unha atención personalizada e desenvolvendo medidas de reforzo ou ampliación naqueles casos en que se estime oportuno levalas a cabo.
- f) Consideramos de gran importancia desenvolver actividades que permitan ao alumnado o dominio da comprensión e expresión tanto oral coma escrita, polo que será preciso telas presentes e traballalas en todas as áreas do currículo.
- g) Fomentárase a integración e uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como recurso útil para desenvolver tarefas de ensino e aprendizaxe.
- h) Deberanse ter presentes, á hora de elaborar as programacións didácticas, todos os plans e proxectos do centro, coa intención de seguir os criterios metodolóxicos que nos mesmos se recollen. No punto 3 deste Proxecto reflíctense aspectos xerais que os distintos departamentos deberán respectar á hora de redactar as programacións didácticas.
- i) Teranse en conta as directrices que estean recollidas no Proxecto Lingüístico a fin de impartir un currículo integrado das linguas e de respectar en cada materia o uso da lingua vehicular que se reflecta no mencionado proxecto.
- j) Todo o proceso de ensino aprendizaxe deberá estar planificado de xeito que se recolla con claridade cales son as metas a alcanzar, os recursos a utilizar, os métodos que se consideran máis idóneos e a forma en que se levará a cabo a avaliación de todo o proceso.

4. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

As programacións didácticas dos distintos departamentos serán elaboradas polo Xefe/a do Departamento en cuestión, contando sempre coa participación e o consenso dos demais membros que integran o departamento.

A súa redacción deberá cingirse ao seguinte guión:

1. Introducción e contextualización.
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. (É dicir, relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais).
3. Obxectivos do curso, de selo caso.
4. Temporalización, mínimos exixibles e procedementos e instrumentos de avaliación.
5. Concrecións metodolóxicas.
6. Materiais e recursos didácticos.
7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino da práctica docente.

9. Plan de pendentes (actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes).
10. Deseño da avaliación inicial (procedementos para realizar a avaliación inicial e medidas que se poidan adoptar debido aos resultados obtidos), e procedementos para acreditar coñecementos previos en determinadas materias de BAC.
11. Medidas de atención á diversidade.
12. Elementos transversais. (Contribución ao proxecto lector, plan TIC, plan de convivencia, educación en valores...).
13. Actividades complementarias e extraescolares.
14. Mecanismos de revisión e avaliación da programación.

No que respecta á elaboración e presentación das programacións didácticas terase en conta tamén os seguintes aspectos:

- **Os elementos que, como mínimo, debe recoller a Programación** didáctica en ESO e BAC están recollidos no art. 24.3 da Resolución do 15 de xullo de 2016 (DOG do 1 de agosto) e van en consonancia co guión anteriormente reflectido.
- A Programación didáctica das ensinanzas correspondentes ao ciclo, as áreas, materias ou módulos integrados no Departamento debe ser elaborada polo Departamento didáctico, os equipos de ciclo e os equipos docentes de cada curso, tal e como se establece no art. 9 da Orde do 7 de xuño de 2016 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2016/17 (DOG do 15 de xuño).
- Os Xefes de Departamento **responsabilizaranse da redacción da Programación didáctica** tal e como se establece nos artigos 17.f) e no art. 25.c) do Decreto 7/99 do 7 de xaneiro de 1999 (DOG do 29 de xaneiro).
- O Xefe de Departamento **será o encargado de trasladar** as Programacións á xefatura de estudos (art. 9.3 da Orde do 7 de xuño de 2016) na primeira quincena de setembro. Unha vez remitida por correo electrónico cubrirase unha folla na que se reflecta que a programación cumpre cos requisitos esixidos, folla que será remitida á Inspección Educativa despois de ser revisada e asinada polo Xefe/a do departamento e Xefatura de estudos.
- Xunto coa programación didáctica, cada xefe/a de departamento deberá remitir un **resumo da programación da materia por curso**, que elaborará cada profesor/a do curso e departamento en cuestión, e que fará referencia a: Unidades distribuídas por trimestres, como se van a desenvolver os contidos ao longo do curso, criterios de cualificación e procedementos de avaliación, procedemento de recuperación da materia do curso anterior, libros e recomendacións. Este resumo estará dispoñible para todo o alumnado e

as súas familias, pretendendo así facilitarlles a comprensión dos aspectos máis relevantes do curso académico. Seguirase para iso o ANEXO “Resumo programación didáctica” que se facilitará ao inicio de curso.

- **Deberase prestar especial atención** aos seguintes aspectos:

- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Criterios de cualificación.
- Mínimos esixibles.
- Recuperación de pendentes.
- Información ás familias.

- **OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA:**

- As programación deberán estar paxinadas e levar un índice.
- **Prestarase especial atención ao apartado** Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado no que se deberá incluír, de forma clara e concreta, como vai ser avaliado o alumnado, o que debe facer para superar a materia e a forma na que se calculará a súa cualificación.

Non se deben incluír afirmacións do tipo “o profesorado poderá facer...” senón “fará...”.

Tamén se especificará de xeito claro todo o referente á avaliación extraordinaria.

- **BACHARELATO**

Segundo o art. 21 da Resolución citada anteriormente, o alumnado poderá cursar en segundo materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso non cursadas en primeiro. Esta acreditación poderase realizar:

- a) Cursando e superando a correspondente materia de primeiro.
- b) O alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, **sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias** para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso, deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliábeis, de maneira que sexa posible acreditar tal condición.

O Departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba. A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observacións no informe persoal por traslado.

5. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS MEMORIAS FINAIS DOS DEPARTAMENTOS

A memoria final de curso de cada departamento deberá conter una valoración da Programación Didáctica para cada una das materias impartidas, así como unha análise de resultados e unhas conclusións e propostas de mellora cara o vindeiro curso. Cada memoria deberá conter polo menos cada un dos seguintes apartados:

1. Composición e funcionamento do Departamento ao longo do curso (*Membros, reunións e temas máis importantes tratados*)
2. Grao de cumprimento e modificacións introducidas na programación. (*Indicar o grao de cumprimento dos obxectivos e contidos previstos, indicando tamén se introduciu algunha modificación durante o curso na programación inicial prevista (temas engadidos ou temas non explicados) e unha breve explicación dos motivos. Pódense indicar tamén as dificultades atopadas.*)
3. Análise estatístico dos resultados. (*Análise do número de aprobados e suspensos xunto coas súas porcentaxes, desagregado por avaliación, curso e materia. Pódese indicar tamén a relación con cursos anteriores.*)
4. Propostas de revisión da Programación para introducir o vindeiro curso. (*Propostas de revisión da programación didáctica e outros aspectos organizativos que se prevé introducir o vindeiro curso académico.*)
5. Informe de actividades complementarias e extraescolares. (*Actividades complementarias realizadas, indicando as previstas e non realizadas, así como, de selo caso as realizadas que non estiveran previstas.*)
6. Avaliación dos procesos de ensinanza. (*Breve valoración dos diferentes procesos de ensinanza: adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación á características do alumnado, grao de consecución das aprendizaxes acadadas, grao de desenvolvemento da programación didáctica, valoración dos procedementos de avaliación do alumnado, valoración das medidas de atención á diversidade, valoración do aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e na contorna para desenvolver a programación, valoración da coordinación entre o profesorado...*).

6. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

6.1. PRINCIPIOS XERAIS E OBXECTIVOS DO PAT

Entendemos a acción titorial como un labor pedagóxico encamiñado á tutela, acompañamento e seguimento do alumnado coa intención de que o proceso educativo de cada alumno se desenvolva en condicións o máis favorables posibles. A acción titorial forma parte da acción educativa e é inseparable do proceso de ensino aprendizaxe. Concibimos a titoría como un recurso educativo ao servizo da aprendizaxe e por iso o noso Plan de Acción Titorial trata de ser coherente cos principios e criterios educativos acordados no Proxecto Curricular da etapa.

Este labor pedagóxico corresponde a todo o profesorado, sendo algo que abarca tanto as actuacións que con carácter máis específico desenvolve o profesor titor co seu grupo ou na comunicación coas familias e o resto do profesorado, como aquelas que cada profesor dentro da súa área leva a cabo para orientar, tutelar e apoiar o proceso de aprendizaxe de cada un dos seus alumnos/as.

A orientación e a titoría dos alumnos é unha tarefa compartida polo profesorado e a figura do profesor/a titor/a, sendo este último o/a encargado/a da coordinación do equipo de profesores do grupo, no contacto coas familias, e no desenvolvemento dalgunhas funcións específicas, pretendendo así:

- a) Favorecer a educación integral do alumno como persoa.
- b) Potenciar unha educación o máis personalizada posible e que teña en conta as necesidades de cada alumno.
- c) Manter a cooperación educativa coas familias.

Os obxectivos do Plan de Acción Titorial son:

1. Contribuír á individualización da educación, facilitando unha resposta educativa axustada ás necesidades particulares do alumnado, articulando as oportunas medidas de *apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe*.
2. Contribuír ao carácter integral da educación favorecendo o desenvolvemento de *todos os aspectos da persoa*: cognitivos, afectivos e sociais.
3. Resaltar os aspectos orientadores da educación, favorecendo para iso a adquisición de *aprendizaxes funcionais conectados coa contorna*, de modo que a educación sexa “educación para a vida”.
4. Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores e de toma de decisións respecto ao *futuro*

académico e profesional.

5. *Previr as dificultades na aprendizaxe*, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos indesexables como os do abandono, o fracaso ou a inadaptación escolar.
6. Contribuír á *adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa*: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e a contorna social, facilitando o diálogo e a negociación ante os conflitos ou problemas que poidan suscitarse.
7. Detectar e eliminar calquera caso de acoso escolar ou actuacións agresivas ou discriminatorias a membros da comunidade escolar.
8. *Fomentar os hábitos de estudo*, facilitando aos alumnos técnicas sinxelas que deben practicar e automatizar.
9. Fomentar a incorporación de contidos relacionados coas *habilidades sociais, autoestima, resolución de conflitos, dinámica de grupos, normas do centro (RRI), e igualdade entre homes e mulleres*, centrándose especialmente nos grupos nos que estea escolarizado alumnado con problemas de conduta ou déficit atención e hiperactividade.
10. Educar na *igualdade, loitando contra a violencia de xénero*.

Ademais dos mencionados, teranse en conta tamén todos aqueles obxectivos que figuran na Circular 10/2010 da Consellería, relativos á acción tutorial.

6.2. CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DO PAT

- a) Preténdese que o Plan de Acción Tutorial sexa un marco aberto e flexible, xa que os obxectivos do mesmo poden ser traballados a través de actividades distintas en función das necesidades específicas de cada titor, do seu estilo pedagóxico e das características particulares de cada grupo.
- b) A partir das liñas de actuación xerais concretadas no PAT os titores programarán as actividades máis apropiadas baixo a coordinación do xefa de estudos e contando coas propostas que aporte o Departamento de Orientación.
- c) Na medida do posible, procurarase establecer reunións periódicas entre os titores e o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos coa finalidade de articular os recursos persoais e materiais e proporcionar o asesoramento e apoio necesario para facer posible o desenvolvemento das funcións tutoriais dunha forma coordinada.

6.3. ÁMBITOS DA ACCIÓN TITORIAL NA ESO

As actuacións que se levarán a cabo desenvolveranse co grupo de alumnos no horario semanal de tutoría, intentando asegurar a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións e a práctica docente da aula por parte do profesorado do grupo, atender individualmente aos alumnos e manter unha comunicación fluída coas familias.

Neste sentido traballarase en diferentes ámbitos:

- A coordinación docente.
- A atención individual do alumnado.
- A comunicación coas familias.
- A acción tutorial co grupo de alumnos/as.

7. CONCRECIÓN DOS CONTIDOS CURRICULARES: CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

O conxunto de coñecementos que integran o currículo, ordénase en materias e ámbitos. Anualmente, os xefes de departamento coordinarán a elaboración das distintas programacións, contando sempre coa colaboración e o consenso dos profesores das materias e ámbitos concretando a proposta curricular para cada grupo de alumnos e alumnas. Terase en conta os contidos que nos veñen establecidos pola Lei e atenderase aos criterios xerais que se recollen neste Proxecto Educativo así como as necesidades e características do alumnado (anteriormente indicados no apartado 4).

Os distintos departamentos terán presentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran na normativa de referencia e fixarán os estándares básicos que leven á consecución do aprobado en cada materia. Todos estes aspectos deberán figurar nas programacións anuais e serán revisados e actualizados cada curso escolar.

O calendario de avaliacións será fixado a inicio de curso e constará de tres fases:

- **Inicial:** ao comezo de cada curso para a situación de cada alumno ou alumna e decidir se é preciso adoptar algún tipo de medida que facilite o seu progreso.
- **Continua:** ao longo de todo o curso, na que se avaliarán tanto os resultados coma o proceso, terá carácter orientador e corrector e permitirá introducir os cambios necesarios para mellorar tanto o progreso do alumnado coma a práctica docente.
- **Final:** na que se analizarán tanto o logro dos obxectivos coma o logro das competencias clave.

8. MATRÍCULA NA ESO E NO BACHARELATO. CONCRECIÓN DA OFERTA DAS MATERIAS OPTATIVAS.

O IES Cabo Ortegal é un centro pequeno e que conta cun número baixo de alumnado en relación con outros centros de ensino secundario, o que fai que durante o último trimestre do ano sexa necesario realizar unhas “prematrículas”, que máis ben serven como enquisas que nos amosarán as diferentes eleccións do alumnado no que ás materias optativas se refire. Isto colle principal relevancia nos cursos máis altos (4º ESO, 1º e 2º de Bacharelato) dado que aquelas materias nas que non exista máis dun alumno/a (no caso das troncais de opción) e máis de dous (no caso das específicas de opción), serán eliminadas da folla final de matrícula (salvo no caso no que non haxa máis que dúas optativas), permitindo así elaborar itinerarios nas matrículas de xuño de xeito que a gran maioría do alumnado poida optar a cursar as súas eleccións marcadas previamente na prematrícula.

Tal e como se expuxo anteriormente os impresos de matrículas tanto na ESO como no Bacharelato dependerán das eleccións previas do alumnado no que ás materias optativas se refire, polo que, considerando que o centro imparte o bacharelato Científico e o de Humanidades e Ciencias Sociais, os impresos que se facilitarán ao alumnado tanto na ESO como no Bacharelato serán os que se recollen nos dous apartados seguintes.

8.1 EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

PREMATRÍCULA 1º ESO – DATOS DO/DA ALUMNO/A

(Esta prematrícula serve como orientación para coñecer as materias que se cursarán no vindeiro curso. A matrícula oficial realizarase nos prazos establecidos de xuño, ou ben de setembro no caso de non superarse todas as materias na avaliación ordinaria)

Nome:	1º Apelido:.....	2º Apelido:.....
-------------	------------------	------------------

1º ESO – CURSO 20...../20.....

MATERIAS COMÚNS (30 horas)

Matemáticas (5 horas)	Bioloxía e Xeoloxía (4 horas)
Lingua Castelá e Literatura (4 horas)	1ª Lingua Estranxeira Inglés (3 horas)
Xeografía e Historia (3 horas)	Educación Física (2 horas)
Educación Plástica e Visual (2 horas)	2ª Lingua Estranxeira Francés (2 horas)
Lingua Galega e Literatura (4 horas)	Titoría (1 hora)

Escolle unha das seguintes MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (1 hora)

Investigación e Tratamento da Información (1 hora)	Obradoiro de música (1 hora)
--	------------------------------

Escolle unha das seguintes MATERIAS ESPECÍFICAS (1 hora)

Relixión (1 hora)	Valores Éticos (1 hora)
-------------------	-------------------------

(*) As materias de Libre Configuración que son obxecto de elección, dependerán dun número mínimo de alumnos/as para que se poidan impartir. Así mesmo, no caso de que algunha delas teña pouca demanda na prematrícula, poderá desaparecer da oferta no impreso de matrícula de xuño e setembro.

En Cariño, adede 20.....

O/A alumno/a:

Pai, nai ou titor/a legal

Asdo.:

Asdo.:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Finalidades do tratamento	Xestionar o proceso de matriculación en ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nun centro docente sostido con fondos públicos.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público, segundo a normativa xeral e sectorial referida en <u>información – xeral – protección - datos</u> , e demais regulación concordante. En particular resulta de aplicación a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
Destinatarios dos datos	Os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario e conforme ao previsto na lexislación vixente, a outras administracións públicas competentes, incluídos Xulgados e Tribunais e poderán publicarse na páxinas web ou taboleiros de anuncios do centro ou na páxina web institucional da Consellería, a fin de dar a publicidade legalmente esixida aos distintos procedementos
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

PREMATRÍCULA 2º ESO – DATOS DO/DA ALUMNO/A

(Esta prematrícula serve como orientación para coñecer as materias que se cursarán no vindeiro curso. A matrícula oficial realizarase nos prazos establecidos do curso, ou ben de setembro no caso de non superarse todas as materias na avaliación ordinaria)

Nome:	1º Apelido:.....	2º Apelido:.....
-------------	------------------	------------------

2º ESO – CURSO 20...../20.....

MATERIAS COMÚNS (30 horas)

Matemáticas (5 horas)	Física e Química (3 horas)
Lingua Castelá e Literatura (3 horas)	1ª Lingua Estranxeira Inglés (3 horas)
Xeografía e Historia (3 horas)	Educación Física (2 horas)
Música (2 horas)	Tecnoloxía (3 horas)
2ª Lingua Estranxeira Francés (2 horas)	Lingua Galega e Literatura (3 horas)

Titoría (1 hora)

Escolle unha das seguintes MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (1 hora)

Promoción de Estilos de Vida Saudables (1 hora)	Oratoria (1 hora)
---	-------------------

Escolle unha das seguintes MATERIAS ESPECÍFICAS (1 hora)

Relixión (1 hora)	Valores Éticos (1 hora)
-------------------	-------------------------

(* *As materias de Libre Configuración que son obxecto de elección, dependerán dun número mínimo de alumnos/as para que se poidan impartir. Así mesmo, no caso de que algunha delas teña pouca demanda na prematrícula, poderá desaparecer da oferta no impreso de matrícula de xuño e setembro.*

En Cariño, adede 20.....

O/A alumno/a:

Pai, nai ou titor/a legal

Asdo.:

Asdo.:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Finalidades do tratamento	Xestionar o proceso de matriculación en ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nun centro docente sostido con fondos públicos.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público, segundo a normativa xeral e sectorial referida en <u>información – xeral – protección - datos</u> , e demais regulación concordante. En particular resulta de aplicación a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
Destinatarios dos datos	Os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario e conforme ao previsto na lexislación vixente, a outras administracións públicas competentes, incluídos Xulgados e Tribunais e poderán publicarse na páxinas web ou taboleiros de anuncios do centro ou na páxina web institucional da Consellería, a fin de dar a publicidade legalmente esixida aos distintos procedementos
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

PREMATRÍCULA 2º ESO PMAR – DATOS DO/DA ALUMNO/A

Nome: 1º Apelido: 2º Apelido:

2º ESO PMAR – CURSO 20...../20.....

MATERIAS COMÚNS (Total 31 horas)

Ámbito Científico Tecnolóxico (8 horas)	Ámbito Lingüístico Social (9 horas)
Ámbito Lingua Estranxeira Inglés (3 horas)	Tecnoloxía (3 horas)
Música (2 horas)	Educación Física (2 horas)
Reforzo lingüístico e matemático (2 horas)	Libre Configuración - Afondamento e/ou reforzo lingüístico (1 hora)
Titoría (1 hora)	
ESCOLLE UNHA DAS SEGUINTES MATERIAS ESPECÍFICAS (1 hora)	
Relixión (1 hora)	Valores éticos (1 hora)

(*) As materias que son obxecto de elección, dependerán dun número mínimo de alumnos/as para que se poidan impartir. Así mesmo, aquelas materias con pouca demanda na prematrícula, poderán desaparecer da oferta no impreso de matrícula de xuño e setembro.

En Cariño, xuño de 20.....

O/A alumno/a:

Pai, nai ou titor/a legal

Asdo.:

Asdo.:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Finalidades do tratamento	Xestiónar o proceso de matriculación en ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nun centro docente sostido con fondos públicos.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público, segundo a normativa xeral e sectorial referida en <u>información – xeral – protección - datos</u> , e demais regulación concordante. En particular resulta de aplicación a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
Destinatarios dos datos	Os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario e conforme ao previsto na lexislación vixente, a outras administracións públicas competentes, incluídos Xulgados e Tribunais e poderán publicarse na páxinas web ou taboleiros de anuncios do centro ou na páxina web institucional da Consellería, a fin de dar a publicidade legalmente esixida aos distintos procedementos
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

PREMATRÍCULA 3º ESO – DATOS DO/DA ALUMNO/A

(Esta prematrícula serve como orientación para coñecer as materias que se cursarán no vindeiro curso. A matrícula oficial realizarase nos prazos establecidos de xuño, ou ben de setembro no caso de non superarse todas as materias na avaliación ordinaria)

Nome:	1º Apelido:	2º Apelido:
-------------	-------------------	-------------------

3º ESO – CURSO 20...../20.....

MATERIAS COMÚNS (25 horas)

Bioloxía e Xeoloxía (2 horas)	Física e Química (2 horas)
Lingua Castelá e Literatura (3 horas)	1ª Lingua Estranxeira Inglés (3 horas)
Xeografía e Historia (3 horas)	Educación Física (2 horas)
Música (2 horas)	Tecnoloxía (2 horas)
Educación Plástica e Visual (2 horas)	Lingua Galega e Literatura (3 horas)

Titoría (1 hora)

ESCOLLE UNHA DAS SEGUINTE MATERIAS TRONCAIS (4 horas)

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas (4 horas)	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas (4 horas)
---	--

ESCOLLE UNHA DAS SEGUINTE MATERIAS ESPECÍFICAS (2 horas)

2ª Lingua Estranxeira Francés (2 horas)	Cultura Clásica (2 horas)
---	---------------------------

ESCOLLE UNHA DAS SEGUINTE MATERIAS ESPECÍFICAS (1 hora)

Relixión (1 hora)	Valores éticos (1 hora)
-------------------	-------------------------

INDICA SE DESEXAS CURSAR A SECCIÓN BILINGÜE DE TECNOLOXÍA

Sección Bilingüe SI	Sección Bilingüe NON
---------------------	----------------------

(* As materias que son obxecto de elección, dependerán dun número mínimo de alumnos/as para que se poidan impartir. Así mesmo, aquelas materias con pouca demanda na prematrícula, poderán desaparecer da oferta no impreso de matrícula de xuño e setembro.

En Cariño, a de de 20.....
 O/A alumno/a: Pai, nai ou titor/a legal

Asdo.: Asdo.:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Finalidades do tratamento	Xestionar o proceso de matriculación en ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nun centro docente sostido con fondos públicos.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público, segundo a normativa xeral e sectorial referida en <u>información – xeral – protección - datos</u> , e demais regulación concordante. En particular resulta de aplicación a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
Destinatarios dos datos	Os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario e conforme ao previsto na lexislación vixente, a outras administracións públicas competentes, incluídos Xulgados e Tribunais e poderán publicarse na páxinas web ou taboleiros de anuncios do centro ou na páxina web institucional da Consellería, a fin de dar a publicidade legalmente esixida aos distintos procedementos
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

PREMATRÍCULA 3º ESO PMAR – DATOS DO/DA ALUMNO/A

Nome: 1º Apelido: 2º Apelido:

3º ESO PMAR – CURSO 20...../20.....

MATERIAS COMÚNS (31 horas)

Ámbito Científico Tecnolóxico (8 horas)	Cultura Clásica (2 horas)
Ámbito Lingüístico Social (9 horas)	Ámbito Lingua Estranxeira Inglés (3 horas)
Educación Plástica e Visual (2 horas)	Educación Física (2 horas)
Música (2 horas)	Tecnoloxía (2 horas)
Titoría (1 hora)	
ESCOLLE UNHA DAS SEGUINTES MATERIAS ESPECÍFICAS (1 hora)	
Relixión (1 hora)	Valores éticos (1 hora)

(*). As materias que son obxecto de elección, dependerán dun número mínimo de alumnos/as para que se poidan impartir. Así mesmo, aquelas materias con pouca demanda na prematrícula, poderán desaparecer da oferta no impreso de matrícula de xuño e setembro.

O/A alumno/a: En Cariño, xuño de 20..... Pai, nai ou titor/a legal

Asdo.: Asdo.:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Finalidades do tratamento	Xestionar o proceso de matriculación en ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nun centro docente sostido con fondos públicos.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público, segundo a normativa xeral e sectorial referida en <u>información – xeral – protección - datos</u> , e demais regulación concordante. En particular resulta de aplicación a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
Destinatarios dos datos	Os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario e conforme ao previsto na lexislación vixente, a outras administracións públicas competentes, incluídos Xulgados e Tribunais e poderán publicarse na páxinas web ou taboleiros de anuncios do centro ou na páxina web institucional da Consellería, a fin de dar a publicidade legalmente esixida aos distintos procedementos
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

4º ESO - DATOS DO/DA ALUMNO/A

(Esta prematrícula serve como orientación para coñecer as materias que se cursarán no vindeiro curso. A matrícula oficial realizarase nos prazos establecidos de xuño, ou ben de setembro no caso de non superarse todas as materias na avaliación ordinaria)

Nome: 1º Apelido: 2º Apelido:

**PREMATRÍCULA 4º ESO – CURSO 20...../20.....
ENSINANZAS ACADÉMICAS (INICIACIÓN AO BACHARELATO)**

MATERIAS COMÚNS (Troncais xerais, específicas e de L.C. 19 horas)

Xeografía e Historia (3 horas)	Lingua Castelá e Literatura (3 horas)
Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas (4 horas)	1ª Lingua Estranxeira: Inglés (3 horas)
Lingua Galega e Literatura (3 horas)	Educación Física (2 horas)
Titoría (1 hora)	

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN (Escolle dúas materias) (3 + 3 = 6 horas)

Biología e Xeoloxía	Economía
Física e Química	Latín

MATERIAS ESPECÍFICAS OPCIONAIS (escolle dúas materia) (3 + 3 = 6 horas)

Filosofía (3 horas)	Educación Plástica e Visual (3 horas)
Música (3 horas)	Tecnoloxías da Información e da Comunicación (3 horas)
Cultura Científica (3 horas)	Troncal non cursada: (Esta troncal pode ser unha de calquera das opcións: Académicas ou Aplicadas)
Segunda Lingua Estranxeira: Francés (3 horas)	

Escolle unha das seguintes opcións

Relixión (1 hora)	Valores Éticos (1 hora)
-------------------	-------------------------

En Cariño, a de de 20.....

O/A alumno/a:

Pai, nai ou titor/a legal

Asdo.:

Asdo.:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Finalidades do tratamento	Xestionar o proceso de matriculación en ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nun centro docente sostido con fondos públicos.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público, segundo a normativa xeral e sectorial referida en <u>información – xeral – protección - datos</u> , e demais regulación concordante. En particular resulta de aplicación a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
Destinatarios dos datos	Os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario e conforme ao previsto na lexislación vixente, a outras administracións públicas competentes, incluídos Xulgados e Tribunais e poderán publicarse na páxinas web ou taboleiros de anuncios do centro ou na páxina web institucional da Consellería, a fin de dar a publicidade legalmente esixida aos distintos procedementos
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

4º ESO - DATOS DO/DA ALUMNO/A

(Esta prematrícula serve como orientación para coñecer as materias que se cursarán no vindeiro curso. A matrícula oficial realizarase nos prazos establecidos de xuño, ou ben de setembro no caso de non superarse todas as materias na avaliación ordinaria)

Nome:	1º Apelido:	2º Apelido:
-------------	-------------------	-------------------

**PREMATRÍCULA 4º ESO – CURSO 20...../20.....
ENSINANZAS ACADÉMICAS (INICIACIÓN A FP)**

MATERIAS COMÚNS (Troncais xerais, específicas e de L.C. 19 horas)

Xeografía e Historia (3 horas)	Lingua Castelá e Literatura (3 horas)
Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas (4 horas)	1ª Lingua Estranxeira: Inglés (3 horas)
Lingua Galega e Literatura (3 horas)	Educación Física (2 horas)
Titoría (1 hora)	

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN (Escolle dúas materias) (3 + 3 = 6 horas)

Ciencias Aplicadas á actividade profesional (3 horas)	Tecnoloxía (3 horas)
Iniciación á actividade emprendedora e empresarial (3 horas)	

MATERIAS ESPECÍFICAS OPCIONAIS (escolle dúas materia) (3 + 3 = 6 horas)

Filosofía (3 horas)	Educación Plástica e Visual (3 horas)
Música (3 horas)	
Cultura Científica (3 horas)	Troncal non cursada: (Esta troncal pode ser unha de calquera das opcións: Académicas ou Aplicadas)
Segunda Lingua Estranxeira: Francés (3 horas)	

Escolle unha das seguintes opcións

Relixión (1 hora)	Valores Éticos (1 hora)
-------------------	-------------------------

En Cariño, a de de 20.....

O/A alumno/a:

Pai, nai ou titor/a legal

Asdo:

Asdo:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Finalidades do tratamento	Xestionar o proceso de matriculación en ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nun centro docente sostido con fondos públicos.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público, segundo a normativa xeral e sectorial referida en <u>información – xeral – protección - datos</u> , e demais regulación concordante. En particular resulta de aplicación a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
Destinatarios dos datos	Os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario e conforme ao previsto na lexislación vixente, a outras administracións públicas competentes, incluídos Xulgados e Tribunais e poderán publicarse na páxinas web ou taboleiros de anuncios do centro ou na páxina web institucional da Consellería, a fin de dar a publicidade legalmente esixida aos distintos procedementos
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

8.2 BACHARELATO

PREMATRÍCULA 1º BACHARELATO – DATOS DO/DA ALUMNO/A

(Esta prematrícula serve como orientación para coñecer as materias que se cursarán no vindeiro curso. A matrícula oficial realizarase nos prazos establecidos do curso, ou ben de setembro no caso de non superarse todas as materias na avaliación ordinaria)

Nome:	1º Apelido:.....	2º Apelido:.....
-------------	------------------	------------------

1º BACHARELATO – CURSO 20...../20.....

MATERIAS COMÚNS (Troncais xerais, específicas e de L.C. 14 horas)

Lingua Castelá e Literatura (3 horas)	Lingua Galega e Literatura (3 horas)
Filosofía (3 horas)	1ª Lingua Estranxeira: Inglés (3 horas)
Educación Física (2 horas)	

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN (12 horas)

OPCIÓN CIENCIAS		OPCIÓN HUMANIDADES		OPCIÓN CIENCIAS SOCIAIS	
Matemáticas I (4 horas)		Latín I (4 horas)		Matemáticas Aplicadas ás CCSS I (4 horas)	
Escolle <u>dúas</u> materias		Escolle <u>dúas</u> materias		Escolle <u>dúas</u> materias	
Bioloxía e Xeoloxía (4 horas)		Grego I (4 horas)		Grego I (4 horas)	
Física e Química (4 horas)		Economía (4 horas)		Economía (4 horas)	
Debuxo Técnico I (4 horas)		Hª do Mundo Contemporáneo (4 horas)		Hª do Mundo Contemporáneo (4 horas)	
		Literatura Universal (4 horas)		Literatura Universal (4 horas)	

MATERIAS ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (6 horas)

Elixir dúas ou tres materias ata completar 6 horas (só se pode elixir unha materia de Libre Configuración)

Tecnoloxía Industrial I (3 horas)	Cultura Científica (2 horas)
Linguaxe e Práctica Musical (3 horas)	Relixión (1 hora)
TIC I (2 horas)	2ª Lingua estranxeira – Francés (2 horas)
Libre Configuración (1 hora)	Libre Configuración (2 horas)
Afondamento e/ou reforzo de Matemáticas	Literaturas Hispánicas
Afondamento e/ou reforzo de Lingua	Robótica

En Cariño, adede 20.....
 O/A alumno/a: Pai, nai ou titor/a legal

Asdo.:

Asdo.:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Finalidades do tratamento	Xestionar o proceso de matriculación en ensinanza regulada na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nun centro docente sostido con fondos públicos.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público, segundo a normativa xeral e sectorial referida en <u>información – xeral – protección - datos</u> , e demais regulación concordante. En particular resulta de aplicación a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
Destinatarios dos datos	Os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario e conforme ao previsto na lexislación vixente, a outras administracións públicas competentes, incluídos Xulgados e Tribunais e poderán publicarse na páxina web ou tableiros de anuncios do centro ou na páxina web institucional da Consellería, a fin de dar a publicidade legalmente esixida aos distintos procedementos
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

PREMATRÍCULA 2º BACHARELATO – DATOS DO/DA ALUMNO/A

(Esta prematrícula serve como orientación para coñecer as materias que se cursarán no vindeiro curso. A matrícula oficial realizarase nos prazos establecidos de xuño, ou ben de setembro no caso de non superarse todas as materias na avaliación ordinaria)

Nome: 1º Apelido: 2º Apelido:

2º BACHARELATO – CURSO 20...../20.....

MATERIAS COMÚNS (Troncais xerais, específicas e de L.C. 12 horas)

Lingua Castelá e Literatura (3 horas)	Lingua Galega e Literatura (3 horas)
Historia de España (3 horas)	1ª Lingua Estranxeira: Inglés (3 horas)

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN (12 horas)

OPCIÓN CIENCIAS		OPCIÓN HUMANIDADES		OPCIÓN CIENCIAS SOCIAIS	
Matemáticas II (4 horas)		Latín II (4 horas)		Matemáticas Aplicadas ás CCSS II (4 horas)	
		Historia da Filosofía (4 horas)		Historia da Filosofía (4 horas)	
Escolle <u>dúas</u> materias		Escolle <u>unha</u> materia		Escolle <u>unha</u> materia	
Bioloxía (4 horas)		Grego II (4 horas)		Grego II (4 horas)	
Física (4 horas)		Xeografía(4 horas)		Xeografía(4 horas)	
Química (4 horas)		Economía da Empresa (4 horas)		Economía da Empresa (4 horas)	
Xeoloxía (4 horas)		Historia da Arte (4 horas)		Historia da Arte (4 horas)	
Debuxo Técnico II (4 horas)					

MATERIAS ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (8 horas)

Elixir dúas ou tres materias ata completar 8 horas (só se pode elixir unha materia de Libre Configuración)

Tecnoloxía Industrial II (3 horas)	Fundamentos de Administración e Xestión (3 horas)	
Historia da Música e da Danza (3 horas)	Psicoloxía (3 horas)	
Ciencias da Terra e do Medioambiente (3 horas)	Relixión (1 hora)	
TIC II (3 horas)	2ª Lingua estranxeira – Francés (3 horas)	
Libre Configuración (1 hora)	Libre Configuración (2 horas)	
Afondamento e/ou reforzo de Matemáticas	Métodos Estatísticos e Numéricos	Xeografía e Hª de Galicia
Afondamento e/ou reforzo de Lingua	Introdución ao Dereito	Literatura Galega século XX

En Cariño, adede 20.....
O/A alumno/a:

Pai, nai ou titor/a legal

Asdo.:

Asdo.:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Finalidades do tratamento	Xestionar o proceso de matriculación en ensinanza regulada na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nun centro docente sostido con fondos públicos.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público, segundo a normativa xeral e sectorial referida en <u>información – xeral – protección - datos</u> , e demais regulación concordante. En particular resulta de aplicación a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
Destinatarios dos datos	Os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario e conforme ao previsto na lexislación vixente, a outras administracións públicas competentes, incluídos Xulgados e Tribunais e poderán publicarse na páxina web ou taboleiros de anuncios do centro ou na páxina web institucional da Consellería, a fin de dar a publicidade legalmente esixida aos distintos procedementos
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <u>https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</u>
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

8.3 EXENCIÓN DA CUALIFICACIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA

Segundo o Artigo 18º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha **exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.**

O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse.

Esta exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

Para **solicitar a exención terase en conta que:**

- A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares consecutivos.
- As solicitudes de exencións dirixiranse ao director/a dos IES Cabo Ortegal utilizando o *ANEXO I “Solicitud de exención da cualificación materia Lingua Galega”* dispoñible na páxina web e na secretaría do centro.
- O centro resolverá sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa, utilizando para tal fin o *ANEXO II “Resolución da Dirección sobre a exención Lingua Galega solicitada”*. NO caso de que a resolución sexa positiva, cargarase a solicitude e a resolución no expediente do/da alumno/a na aplicación Xade.
- A resolución da dirección do centro poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

8.4 EXENCIÓN DA MATERIA 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS)

Tal e como se especifica no Plan Xeral de Atención á Diversidade, o alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira.

Cabe destacar que non é unha medida dirixida ao alumnado con dificultades específicas na 2ª lingua estranxeira, considerándose que é unha medida extraordinaria que priva o alumno de cursar unha área común nestes cursos.

O procedemento será o que segue:

- Mediante o *ANEXO I “Informe – Proposta do/a titor/a e do Departamento de Orientación”*, e unha vez realizada a avaliación extraordinaria, o/a Titor/a en colaboración co Departamento de Orientación, realizará un informe individualizado que trasladará á Dirección do centro e no que se fará constar o motivo da medida adoptada.
- Convocarase á familia do alumnado proposto (*ANEXO II “Convocatoria de reunión”*) para informalos de todo o relativo á proposta, deixando constancia escrita da súa opinión co *ANEXO III “Opinión dos pais ou titores legais do/a alumno/a”*.
- Será finalmente a Dirección do IES Cabo Ortegal quen decida e autorice a proposta de exención en base aos anexos anteriormente mencionados. Quedará constancia de dita resolución mediante o *ANEXO IV “Resolución do Director do IES Cabo Ortegal a cerca da exención do alumnado proposto”*.
- Finalmente, e no caso de que a exención sexa concedida, o alumnado exento recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, recibindo, como norma xeral, unha hora de reforzo lingüístico e unha hora de reforzo matemático.

Así mesmo, todo aquel alumnado proposto para exención de 2ª lingua estranxeira, e en visos de que poida mellorar aínda máis nas dificultades detectadas, será proposto para cursar como materia de Libre Configuración un reforzo e/ou afondamento lingüístico. A opinión da familia quedará reflectida no *ANEXO “Autorización das familias para recibir afondamento e/ou reforzo lingüístico na materia de Libre Configuración (1º ou 2º da ESO)”*.

8.5 VALIDACIÓNS E EXENCIÓNS PARA O ALUMNADO QUE CURSA AS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA E DANZA

VALIDACIÓNS

Segundo a ORDE do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral, poderanse solicitar a validación da materia de música e/ou de materias optativas da Educación Secundaria Obrigatoria, así como a validación entre diversas materias do bacharelato así como materias optativas e determinadas materias das ensinanzas profesionais de música e danza.

Estas validacións veñen establecidas nos anexos I, II, VI e VII do Real decreto 242/2009, do 27 de febreiro, polo que se establecen convalidacións entre as ensinanzas profesionais de Música e de Danza e a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.

O procedemento será o que segue:

- Presentarase o *ANEXO “Solicitud de validación de materias (ESO ou BAC) do alumnado que cursa ensinanzas profesionais de música e danza”*, no que se indicará a materia cursada e superada así como a validación da/das materia/s que solicita. Xunto con este anexo achegarase a certificación académica que acredite a superación das materias necesarias.
- As validacións serán aplicadas pola persoa que exerce a dirección do IES Cabo Ortegal, por petición da familia do/da alumna/a e á vista da documentación presentada e citada anteriormente. Quedará constancia da mesma mediante o *ANEXO “Resolución da Dirección sobre a validación solicitada”*.
- As materias validadas figurarán como validadas nos documentos de avaliación e non computarán para o cálculo da nota media.
- Cada materia só poderá ser utilizada unha única vez para as validacións establecidas na citada Orde.

EXENCIÓNS

De conformidade de novo co Real decreto 242/2009, do 27 de febreiro, poderá solicitar a exención da materia de Educación Física da ESO ou do Bacharelato, sempre que simultaneamente curse estudos de ensinanzas profesionais de danza.

O procedemento será o que segue:

- Presentarase o *ANEXO “Solicitud de exención da materia de Educación Física (ESO ou BAC) do alumnado que cursa ensinanzas profesionais danza”*. Xunto con

este anexo achegárase o documento que acredite ter formalizada a matrícula para cursar estudos das ensinanzas profesionais de danza.

- A exención serán aplicada pola persoa que exerce a dirección do IES Cabo Ortegal, por petición da familia do/da alumna/a e á vista da documentación presentada e citada anteriormente. Quedará constancia da mesma mediante o *ANEXO “Resolución da Dirección sobre a exención solicitada”*.
- A materia exenta figurarán como exento nos documentos de avaliación no espazo referido á materia de Educación física e non computará para o cálculo da nota media.

9. MATERIAS E MATRÍCULA NAS ENSEÑANZAS DE ADULTOS (ESA E CICLO)

9.1 EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS

No que respecta á Educación Secundaria de Adultos, no IES Cabo Ortegal impártense os Módulos 3 e 4. O primeiro destes módulos ao longo do primeiro cuadrimestre e o módulo 4 no segundo cuadrimestre.

Os **requisitos de idade** para poder cursar ditos módulos son:

- Ser maior de 18 anos, ou cumprilos ata o 31 de decembro do ano de matrícula. No caso das persoas que se matriculen no segundo cuadrimestre, deberán cumprir os 18 anos antes do 30 de abril.
- Ser maior de 16 anos, e ter un contrato de traballo no momento no que se realiza a matrícula, o cal impida acudir ao centro educativo en réxime ordinario

O alumnado que cumprindo os requisitos de idade, solicite matricularse na ESA, **deberá presentar** o historial académico de ensinanzas cursadas ou libro de escolaridade, declaración responsable de non estar escolarizado nas mesmas ensinanzas noutro centro, a solicitude de admisión e a solicitude de matrícula.

O historial académico presentado, deberá acreditar ter superado o 2º curso da ESO para o módulo 3 e o 3º curso da ESO para o módulo 4, en caso contrario, deberanse realizar as probas de acceso que terán lugar en setembro e en xaneiro respectivamente. Teranse en conta os cadros de equivalencias da ORDE do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

As materias englobanse en ámbitos, sendo o impreso de matrícula o que segue:

ESA - CURSO 20..... /20.....	
Elección do módulo	
MÓDULO III	MÓDULO IV
Ámbitos (20 horas)	
Comunicación (7 horas): Ámbito Lingüístico (5h) + Ámbito Lingua Estranxeira (2h)	
Científico – Tecnolóxico (8 horas): Ámbito Científico (4h) + Ámbito Tecnolóxico (4h)	
Ámbito Social (4 horas)	
Titoría (1 hora)	

9.2 CICLO MODULAR SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS E REDES

Para formalizar a matrícula no ciclo, deberase cubrir unha solicitude utilizando o asistente informático que estará dispoñible na páxina www.edu.xunta.es/fp, sendo a presentación da mesma realizada segundo o disposto nos artigos 15 e 17 da Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión.

Os datos das solicitudes admitidas e excluídas serán publicadas no portal educativo na páxina anteriormente indicada, e as prazas adxudicadas deberán formalizar a matrícula no propio centro nos prazos establecidos, ou ben renunciar á praza a través da aplicación informática.

O Ciclo que se imparte no IES Cabo Ortegal, é o ciclo modular de adultos “Sistemas microinformáticos e redes”, que se impartirá ao longo de catro cursos académicos coa seguinte distribución modular:

MÓDULO	HORAS SEMANAIS
Sistemas operativos monoposto	6
Sistemas operativos en rede	6
Aplicacións ofimáticas	9

MÓDULO	HORAS SEMANAIS
Montaxe e mantemento de equipamentos	9
Redes locais	8
Empresa e iniciativa emprendedora	2

MÓDULO	HORAS SEMANAIS
Seguridade informática	4
Servizos en rede	5
Aplicacións web	6
Formación e orientación laboral	5

MÓDULO	HORAS ANUAIS
Formación en Centros de Traballo	410

9.3 PERDA DO DEREITO DE AVALIACIÓN CONTINUA

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. A efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación desas faltas.

A tales efectos y con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno/a cando as faltas de asistencia inxustificadas nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nese apercibimento, deberase indicar que se perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumula un 10 % de faltas de asistencia inxustificadas con respecto a súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen o citado porcentaxe comunicarase a perda do dereito á avaliación continua.

En caso de que se produza a perda ao dereito de avaliación continua, naa secretaría do centro quedará constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

De todas formas, o alumando que perdera o dereito á avaliación continua nun determinado módulo, terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente. A cualificación obtida en dita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

9.4 VALIDACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS E EXENCIÓN DO MÓDULO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

As convalidacións e exencións do diferentes módulos profesionais veñen recollidas no *Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da Formación Profesional do sistema educativo de Galicia*, no seu Capítulo XII. É o artigo 54ª do citado Decreto, o que determina o procedemento a seguir para estas exencións e validacións.

Así mesmo, terase en conta a *Orde ECD/2159/2014, do 7 de novembro (BOE de 20 de novembro)*, pola que se establecen convalidacións entre módulos profesionais de formación profesional do Sistema educativo español e medidas para a súa aplicación.

Para a exención do módulo da Formación en centros de traballo, terase en conta o disposto na *Orde do 28 de febreiro pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da Formación Profesional*.

10. OBXECTIVOS E MEDIOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO BILINGÜE

Na actualidade impártese no IES Cabo Ortegal a Sección Bilingüe de Tecnoloxía nos cursos 3º e 4º da ESO, sendo a lingua inglesa a elixida dado que consideramos a lingua estranxeira máis demandada na nosa contorna e o que aparece no noso currículo como primeira lingua estranxeira.

Os **obxectivos xerais** que se pretenden acadar coa mesma son:

- Mellorar o proceso de ensino/aprendizaxe de lingua inglesa.
- Intensificar o desenvolvemento das habilidades e destrezas contempladas no currículo oficial de inglés.
- Valorar a importancia de coñecer e manexar diferentes linguas para afrontar un traballo científico.
- Favorecer o desenvolvemento da competencia comunicativa a través da utilización do inglés como medio de aprendizaxe dos contidos da área de Tecnoloxía.
- Favorecer a comunicación e o intercambio de profesorado e alumnado para aproximar a cultura dos países anglosaxóns ao alumnado do centro.

En canto á **organización** da sección terase en conta o seguinte:

- Tal e como se indicou ao inicio, o proxecto contempla a implantación dunha sección bilingüe de inglés en 3º e 4º da ESO na materia de Tecnoloxía.
- Todo o material da sección bilingüe figurará en lingua inglesa, afondándose tamén oralmente á hora de impartila.
- Por cuestións organizativas será necesaria unha matrícula superior a 5 alumnos/as para poder desenvolver a sección bilingüe.
- Existirá unha hora semanal fixa, fora do horario lectivo ordinario, que facilitará o apoio e reforzo ao alumnado que cursa a sección bilingüe.
- O alumnado que desexe matricularse na sección bilingüe poderá facelo sen restricións, aínda que se recomenda ter unha cualificación superior a 6 na materia de lingua inglesa

do curso anterior, e que permita o seguimento da sección sen atrancos e coa suficiente soltura.

- O alumnado da sección bilingüe terá como grupo de referencia calquera dos outros grupos, e serán desdoblados cando se imparta a materia contemplada no proxecto.
- Existirá unha hora de redución para o profesorado que imparta cada unha das seccións, destinada á coordinación e seguimento do proxecto.
- Será na programación didáctica do Departamento de Tecnoloxía onde figuren os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, así como os procedementos de avaliación e cualificación da materia.
- Contarase cun/cunha auxiliar de conversa, tendo como funcións principais a de posibilitar a práctica da conversa oral na lingua inglesa, achegar ao alumnado e ao profesorado á cultura do país onde se fala a lingua inglesa e colaborar co profesorado na elaboración de materiais didácticos así como nas actividades e proxectos nos que participe o centro.

11. PORCENTAXE DE CONTRIBUCIÓN DE CADA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Ao final da avaliación ordinaria e extraordinaria na Educación Secundaria Obrigatoria, aquel alumnado que promocióne ou titule, recibirá o documento do Consello Orientador, no que, entre outros aspectos, figurará o grao de adquisición das competencias clave. Para elaborar este informe terase en conta un peso da nota de cada materia e que figura resumido nas seguintes táboas:

COMPETENCIA	1º ESO
Lingüística	30% Lingua Castelá
	30% Lingua Galega
	15% Inglés
	15 % Francés
	10% RESTO
Matemática e Ciencia e Tecnoloxía	50% Matemáticas
	30% Bioloxía
	5% Educación Física
	5% Xeografía e Historia
	10% RESTO
Dixital	TODAS (Media aritmética)
Aprender a aprender	TODAS (Media aritmética)
Sociais e cívicas	50% Xeografía e Historia
	20% Valores Éticos ou Relixión
	30% RESTO
Iniciativa e espírito emprendedor	TODAS (Media aritmética)
Conciencia e expresións culturais	30% Educación Plástica
	20% Xeografía e Historia
	10% Lingua Castelá
	10% Lingua Galega
	10% Educación Física
	20% RESTO

COMPETENCIA	2º ESO
Lingüística	30% Lingua Castelá
	30% Lingua Galega
	15% Inglés
	15 % Francés
	10% RESTO
Matemática e Ciencia e Tecnoloxía	40% Matemáticas
	20% Física Química
	20% Tecnoloxía
	5% Educación Física
	5% Xeografía e Historia
	10% RESTO
Dixital	30% Tecnoloxía
	70% RESTO
Aprender a aprender	TODAS (Media aritmética)
Sociais e cívicas	50% Xeografía e Historia
	20% Valores Éticos ou Relixión
	30% RESTO
Iniciativa e espírito emprendedor	TODAS (Media aritmética)
Conciencia e expresións culturais	30% Música
	20% Xeografía e Historia
	15% Lingua Castelá
	15% Lingua Galega
	10% Educación Física
	10% RESTO

COMPETENCIA	2º ESO PMAR
Lingüística	60% Ámbito Lingüístico e Social
	15% Inglés
	25% RESTO
Matemática e Ciencia e Tecnoloxía	65% Ámbito Científico e Matemático
	15% Tecnoloxía
	5% Educación Física
	5% Ámbito Lingüístico e Social
	10% RESTO
Dixital	30% Tecnoloxía
	70% RESTO
Aprender a aprender	TODAS (Media aritmética)
Sociais e cívicas	50% Ámbito Lingüístico e Social
	20% Valores Éticos ou Relixión
	30% RESTO
Iniciativa e espírito emprendedor	TODAS (Media aritmética)
Conciencia e expresións culturais	25% Música
	50% Ámbito Lingüístico e Social
	15% Educación Física
	10% RESTO

COMPETENCIA	3º ESO
Lingüística	30% Lingua Castelá
	30% Lingua Galega
	15% Inglés
	15 % Francés
	10% RESTO
Matemática e Ciencia e Tecnoloxía	40% Matemáticas
	15% Bioloxía
	15% Tecnoloxía
	10% Física Química
	5% Educación Física
	5% Xeografía e Historia
	10% RESTO
Dixital	30% Tecnoloxía
	70% RESTO
Aprender a aprender	TODAS (Media aritmética)
Sociais e cívicas	50% Xeografía e Historia
	20% Valores Éticos ou Relixión
	20% Cultura Clásica
	10% RESTO
Iniciativa e espírito emprendedor	TODAS (Media aritmética)
Conciencia e expresións culturais	20% Educación Plástica
	20% Xeografía e Historia
	20% Música
	10% Lingua Castelá
	10% Lingua Galega
	10% Educación Física
	10% RESTO

COMPETENCIA	3º ESO PMAR
Lingüística	60% Ámbito Lingüístico e Social
	15% Inglés
	15% Francés
	10% RESTO
Matemática e Ciencia e Tecnoloxía	65% Ámbito Científico e Matemático
	15% Tecnoloxía
	5% Educación Física
	5% Ámbito Lingüístico e Social
	10% RESTO
Dixital	30% Tecnoloxía
	70% RESTO
Aprender a aprender	TODAS (Media aritmética)
Sociais e cívicas	50% Ámbito Lingüístico e Social
	20% Valores Éticos ou Relixión
	20% Cultura Clásica
	10% RESTO
Iniciativa e espírito emprendedor	TODAS (Media aritmética)
Conciencia e expresións culturais	40% Ámbito Lingüístico e Social
	20% Música
	20% Educación Plástica
	10% Educación Física
	10% RESTO

COMPETENCIA	4º ESO
Lingüística	30% Lingua Castelá
	30% Lingua Galega
	10% Inglés
	10% Francés
	10% Latín
	10% RESTO
Matemática e Ciencia e Tecnoloxía	40% Matemáticas
	40% Entre as que teña (Bioloxía, Tecnoloxía, Física Química, Economía, Cultura Científica, Iniciación Actividade Emprendedora, Ciencias Actividade Profesional, TIC)
	5% Educación Física
	5% Xeografía e Historia
	10% RESTO
Dixital	40% TIC
	30% Tecnoloxía
	30% RESTO
Aprender a aprender	TODAS (Media aritmética)
Sociais e cívicas	50% Xeografía e Historia
	20% Valores Éticos ou Relixión
	20% Latín
	10% RESTO
Iniciativa e espírito emprendedor	TODAS (Media aritmética)
Conciencia e expresións culturais	20% Educación Plástica
	20% Xeografía e Historia
	20% Música
	10% Lingua Castelá
	10% Lingua Galega
	10% Educación Física
	10% RESTO

Deberase ter en conta que:

- A porcentaxe da materia que pondere pero non se curse, pasará a formar parte do RESTO.
- Cada competencia avaliarase como INS-SUF-BEN-NOT-SOB.
- Dado que o resultado de cada competencia vai a resultar un número decimal, redondearase este ao enteiro seguinte cando as décimas sexan maiores ou iguais a 5. Considerarase entón: INS (0,1,2,3, ou 4) – SUF (5) – Ben (6) – NOT (7 ou 8) – SOB (9 ou 10).

- Cando a media de todas as competencias (redondeada ao enteiro seguinte cando as décimas sexan maiores ou iguais a 5) sexa igual ou superior a 7 puntos, considerarase que o alumno/a acadou os obxectivos de xeito destacado.

O Consello Orientador será cuberto polo/a titor/a de cada grupo en colaboración co Orientador do centro cos acordos adoptados de forma consensuada e colexiada pola xunta de avaliación. Una vez asinado polo profesorado titor e co visto e prace da dirección, será entregado xunto co boletín de cualificación do alumando.

12. PROCEDIMIENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO

No **Anexo VI do Decreto 86/2015** recóllense unha serie de materias que implican continuidade dentro do Bacharelato. Esta continuidade supón que *“a superación das materias de 2º curso está condicionada á superación das materias correspondentes do 1º curso... Non obstante o alumnado poderá cursar en segundo curso materias condicionadas á superación de materias non cursadas en 1º curso... “* por algún dos seguintes procedementos:

- a) **Cursando como pendentes e superando as correspondentes materias de 1º:** Este procedemento é **obrigado** para todas as materias **troncais xerais** incluídas no citado **anexo VI** que deben ser cursadas e cualificadas obrigatoriamente:
- Lingua Galega e Literatura I
 - Lingua Castelá e Literatura I
 - Matemáticas I
 - Primeira Lingua Estranxeira I
 - Latín I
 - Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais I
 - Fundamentos de Arte I

Este mesmo procedemento pode empregarse para o resto das materias de continuidade incluídas no **Anexo VI**.

IMPORTANTE: As materias cursadas e superadas por este procedemento computarán en todos os casos como materias esixibles para a obtención do título.

- b) **Acreditando coñecementos previos suficientes:** Este procedemento pode levarse a cabo coas materias que non sexan troncais xerais incluídas no **Anexo VI**.

Será o **departamento** correspondente o que deberá indicar na programación didáctica os criterios obxectivos e avaliábeis para acreditar ditos coñecementos previos, ben sexa:

- ✓ Fixando o **grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación e dos estándares** para superar a materia de 1º curso e deseñando **unha proba** que sirva para acreditar dita consecución.
- ✓ Ou fixando outro criterio que sirva para acreditar ditos coñecementos. (*Por exemplo, alumnado que cursou Robótica de 1º de Bacharelato pódese acreditar coñecementos suficientes para cursar TIC II sen ter cursado TIC I*)

O profesor da materia de 2º curso deberá:

- Aplicar a proba deseñada polo departamento “antes do comezo das actividades lectivas”
- Deixar constancia mediante dilixencia nos seguintes documentos de avaliación:
 - ✓ *Historial Académico*
 - ✓ *Expediente Académico*
 - ✓ *Informe persoal por traslado (se fóra o caso)*

IMPORTANTE: *As materias acreditadas por este procedemento NON COMPUTARÁN en ningún caso como materias esixibles para reunir as condicións necesarias para obter o título.*

13. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN E DE TITULACIÓN

13.1 PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO

No que respecta aos criterios de promoción e titulación na **Educación Secundaria Obrigatoria**, terase en conta os seguintes aspectos:

PROMOCIÓN 1º, 2º e 3º ESO

En virtude do Decreto 86/2015, as decisións sobre a promoción do alumnado, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores/as do/a alumno/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes. A repetición será considerada unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do/a alumno/a.

Un alumno/a PROMOCIONA se:

- Supera TODAS as materias cursadas.
- Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA NUNHA das materias cursadas.

- Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA EN DÚAS das materias cursadas, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas ou Lingua Castelá e Matemáticas.

Poderá promocionar de xeito EXCEPCIONAL coa combinación de materias anteriormente citadas, sempre que a Xunta de Avaliación acepte esa excepcionalidade (para o cal deberase manifestar a favor a maioría simple dos seus membros) e se lle apliquen ao/á alumno/a as medidas de atención educativa propostas no Consello Orientador.

A Xunta de Avaliación, antes de aceptar a excepcionalidade, deberá valorar as posibilidades de éxito do/a alumno/a no vindeiro curso e as expectativas razoables de recuperación de materias pendentes, e se dita promoción beneficiará a súa evolución académica. Para chegar a esta medida excepcional teranse en conta os seguintes aspectos do curso rematado:

- Asistencia regular e puntualidade ás clases.
 - Amosar interese, prestar atención e participar nas clases cunha actitude positiva.
 - Realizar, e entregar puntualmente durante todo o curso, as tarefas que se lles encomendaron.
 - Traer diariamente o material necesario para o desenvolvemento das clases.
 - Cooperar nas actividades educativas, respectando e cumprindo as normas de convivencia do Centro.
 - Realizar as actividades de seguimento para a recuperación das materias suspensas no curso anterior e terse presentado aos exames extraordinarios correspondentes con actitude de superación.
 - A consecución global das competencias clave.
 - Madurez persoal e académica que lle posibilite continuar os estudos posteriores con garantías de aproveitamento, e o capaciten para alcanzar os obxectivos e competencias clave no seguinte curso co seguimento dun programa de reforzo.
 - Beneficio que puidese ter o alumnado á hora de promocionar ou non de curso.
- Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA EN TRES pero unicamente en casos de enfermidade moi grave ou hospitalización que deriven en non poder asistir ás clases nun período considerable, nos que tería a decisión de promoción a Xunta de Avaliación, nos termos expostos no punto anterior.

PROMOCIÓN 2º e 3º ESO PMAR

Para que alumno/a PROMOCIONE é necesario ter superados os ámbitos Lingüístico-Social e Científico-Matemático. Con eses dous ámbitos aprobados PROMOCIONA se:

- Supera TODAS as materias cursadas.
- Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA NUNHA das materias cursadas.
- Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA EN DÚAS das materias cursadas.
- Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA EN TRES pero unicamente en casos de enfermidade moi grave ou hospitalización que deriven en non poder asistir ás clases nun período considerable, nos que tería a decisión de promoción a Xunta de Avaliación.

OBSERVACIÓNS

- Á hora de promocionar só se computará a materia de Lingua Galega e Literatura no bloque de materias de Libre Configuración autonómica, o que non implica que as materias de Libre Configuración distintas á mencionada queden aprobadas, simplemente poderíase promocionar cunha materia máis e que se debería cursar o seguinte curso como pendente.
- As materias coa mesma denominación en cursos distintos considéranse como materias distintas, polo que as materias pendentes teranse en conta á hora de promocionar e titular.

No caso de non promocionar, poderase repetir só unha vez por curso e un máximo de dúas veces na etapa.

TITULACIÓN 4º ESO

Un alumno/a TITULA se:

- Supera TODAS as materias cursadas.
- Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA NUNHA das materias cursadas.
- Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA EN DÚAS das materias cursadas, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas ou Lingua Castelá e Matemáticas.

13.2 PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO

No que respecta aos criterios de promoción e titulación no Bacharelato, terase en conta os seguintes aspectos:

PROMOCIÓN 1º BACHARELATO

Un alumno/a PROMOCIONA se:

- Supera TODAS as materias cursadas.
- Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA NUNHA ou DÚAS das materias cursadas.

TITULACIÓN 2º BACHARELATO

Un alumno/a obterá o TÍTULO de Bacharelato sempre que teña avaliación positiva en TODAS as materias cursadas nos dous cursos de Bacharelato. A cualificación final da etapa será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas no bacharelato, ex presada nunha escala de 0a 10 con dous decimais, redondeada a centésima.

OBSERVACIÓNS

- Á hora de promocionar, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deba cursar en cada un dos bloques. Isto implica que, como no bloque de materias específicas o alumnado pode cursar dúas ou tres, no caso de estar matriculado/a de tres podería suspender unha a maiores dese bloque, pero que debería cursar como pendente o seguinte curso.
- Á hora de promocionar só se computará a materia de Lingua Galega e Literatura no bloque de materias de Libre Configuración autonómica, o que non implica que as materias de Libre Configuración distintas á mencionada queden aprobadas, simplemente poderíase promocionar cunha materia máis e que se debería cursar o seguinte curso como pendente.
- As materias coa mesma denominación en cursos distintos considéranse como materias distintas, polo que as materias pendentes teranse en conta á hora de promocionar e titular.
- Poderase repetir un máximo dunha vez por curso, ou un deles dúas veces mediante informe favorable.
- Un alumno/a que repita 2º de Bacharelato, terá a opción de facelo cursando unicamente as materias suspensas.

13.3 REFERENCIAS LEXISLATIVAS

Estes criterios anteriormente expostos baséanse nos seguintes puntos da lexislación vixente:

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Artigo 22: Avaliación final 4º ESO.
 - Artigo 23: Promoción na ESO.
 - Artigo 24: Titulación.
 - Artigo 34: Avaliación final Bacharelato.
 - Artigo 35: Promoción 1º Bacharelato.
 - Artigo 37: Titulación Bacharelato.
- Instrucións no curso académico 2016/2017 para a implantación do currículo da ESO e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Artigo 11: Programas de Mellora e Rendemento, punto 13 Promoción

14. CRITERIOS XERAIS PARA A OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- **Criterios xerais:** Poderase conceder a matrícula de honra ao 5% do alumnado ou fracción resultante superior a 15 do conxunto do alumnado matriculado no 4º curso sempre que “*na avaliación ordinaria do mes de xuño obtivese unha nota media da etapa igual ou superior a 9*”. (*Artigo 13º da Res.20/7/2017*)
- **Criterios prioritarios:** En caso de que o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra fora superior á porcentaxe citada concederíase a matrícula de acordo o establecido nos seguintes **criterios** ordenados por orde prioritario:
 - ✓ Maior nota media no 4º curso da ESO.
 - ✓ Maior nota media no expediente académico da ESO
 - ✓ Maior nota media no 1º ciclo da ESO.
 - ✓ Maior número de materias do ESO con cualificación de sobresañte.
 - ✓ Sorteo público.

BACHARELATO:

- **Directrices xerais:** Poderase conceder a matrícula de honra a un número de alumnos/as **non superior ao 5% do total do alumnado de 2º curso do bacharelato**

sempre que “*obtivesen no 2º curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos. (Artigo 10º da Orde do 5/5/2011)*”

- **Criterios prioritarios:** En caso de que o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra fora superior á porcentaxe citada concederíase a matrícula de acordo o establecido nos seguintes **criterios** ordenados por orde prioritario:
 - ✓ Maior nota media no 2º curso do Bacharelato.
 - ✓ Maior nota media no Bacharelato.
 - ✓ Maior nota media no 1º curso do Bacharelato
 - ✓ Maior número de materias do Bacharelato con cualificación de sobresaínte.
 - ✓ Sorteo público.

NA FORMACIÓN PROFESIONAL

- **Criterios xerais:** Os alumnos e as alumnas que obtivesen unha nota final do ciclo **formativo igual ou superior a nove puntos** poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna.
O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico **será como máximo de dúas**. No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico **sexa inferior a vinte**, só se poderá conceder **unha matrícula** de honra. (**Artigo 26º, 4 da Orde do 12/2011. DOG 15/7**)
- **Criterios prioritarios:** En caso de que o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra fora superior á porcentaxe citada concederíase a matrícula de acordo cos seguintes **criterios prioritarios**:
 - ✓ Maior nota media no ciclo formativo
 - ✓ Maior nota media no 2º curso do ciclo
 - ✓ Maior nota media no 1º curso do ciclo
 - ✓ Maior número de materias do ciclo con cualificación de sobresaínte.
 - ✓ Sorteo público.

15. PROCEDIMIENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN ÁS CUALIFICACIÓN FINAIS E/OU PROMOCIÓN OU TITULACIÓN

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, o IES Cabo Ortegal ten publicado na páxina web do centro (no Proxecto Educativo) os criterios xerais de promoción e titulación. Así mesmo serán publicados os procedementos e os criterios xerais de avaliación e cualificación que a Comisión de Coordinación Pedagóxica o equipo docente establezan nas programacións didácticas.

Cada equipo docente, departamento didáctico, ao comezo de cada do curso, informarán o alumnado e ás súas respectivas familias sobre os obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación das diferentes materias ou ámbitos, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores, e os procedementos de recuperación e de apoio previstos. Así mesmo, informarán dos criterios de promoción e titulación. Utilizarase para tal fin, o documento “Resumo da Programación Didáctica” que cada Departamento deberá remitir ao correo do centro ao inicio de cada curso escolar, dándosele publicidade tamén a través da web.

O alumnado, as persoas proxenitoras (ou representantes legais) poderán solicitar a revisión e reclamación dunha cualificación, non podendo en ningún caso resolverse esta cunha cualificación menor da inicialmente obtida.

A) Procedemento de revisión dunha cualificación no centro.

En calquera momento do curso, o alumnado, as persoas proxenitoras (ou representantes legais) poderán solicitar ao profesorado e á persoa titora todas as aclaracións precisas acerca das valoracións e cualificacións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe. Para tal fin poderán concertar cita co profesorado titor e/ou o profesor/a da materia en cuestións, ben presencialmente no centro, ben telefonicamente.

Así mesmo poderá solicitarse a revisión dun determinado exame dunha materia. A solicitude realizarase na administración do centro segundo o *ANEXO VII “Solicitud de revisión de exame”*, a cal será remitida en copia ao profesor correspondente.

B) Procedemento de reclamación dunha cualificación final no centro.

- Se a pesar das aclaracións e ou revisións realizadas persiste o desacordo, poderase solicitar a revisión dunha cualificación, presentando unha reclamación contra as cualificacións finais no prazo de dous días lectivos, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se entregou o boletín de notas.

A solicitude realizarase mediante o *ANEXO “Reclamación contra unha cualificación final”* dirixida á persoa Directora do IES Cabo Ortegal, e tramitada

a través de Xefatura de Estudos, que será a encargada de darlle traslado ao Departamento Didáctico responsable da materia ou ámbito con cuxa cualificación final se manifesta en desacordo, comunicando tamén tal circunstancia á persoa titora.

- No primeiro día lectivo seguinte, ou ser for o caso hábil, á finalización do período de solicitude de revisión (cando finalicen os dous días aos que fai referencia o primeiro punto do apartado B), o Departamento Didáctico analizará a/as solicitude/s recibidas e elaborará os correspondentes informes no que se indicará:
 - Descrición dos feitos e actuación previas.
 - Actuacións seguidas no proceso de avaliación da/do alumna/o en relacións aos recollidos na programación didáctica: Adecuación dos contidos e criterios de avaliación, adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación, correcta aplicación dos criterios de cualificación para a superación da materia ou ámbito.
 - Decisión adoptada e debidamente motivada sobre a modificación ou ratificación da cualificación final.

Este informe elaborárase segundo o *ANEXO “Informe do Departamento Didáctico”* que será trasladado á Xefatura de Estudos.

- Xefatura de Estudos, mediante o *ANEXO “Comunicación da dirección sobre a reclamación dunha cualificación”* comunicará como máximo no día lectivo seguinte, ou se for o caso hábil, ao alumnado, ás persoas proxenitoras (ou representantes legais) a decisión adoptada polo departamento didáctico, informado tamén á persoa titora facéndolle entrega dunha copia do Anexo co xustificante de recepción pertinente.
- Finalmente, e á vista do informe elaborado polo departamento didáctico, a Xefatura de Estudos e a persoa titora, como persoa coordinadora do proceso de avaliación, considerarán a pertinencia de reunir en sesión extraordinaria ao equipo docente se a modificación da cualificación implicase cambios á hora de promocionar ou titular o alumno que realizou a cualificación. En caso contrario, a modificación dunha cualificación será comunicada por correo electrónico ao equipo docente.
- Ao finalizar o proceso de revisión, e sempre que se producise a modificación dalgunha cualificación, realizaranse mediante dilixencia elaborada pola Secretaría do IES Cabo Ortegal, as anotacións pertinentes nas actas de avaliación e no expediente e historial académico da/do alumna/o.

C) Procedemento de reclamación da decisión de promoción e titulación.

- No caso de estar en desacordo coa decisión de promoción ou titulación dunha/dun alumna/o, poderase presentar unha reclamación contra dita decisión no prazo de dous días lectivos, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se entregou o boletín de notas e por conseguinte se adoptou a decisión.

Esta solicitude realizarase mediante o *ANEXO “Reclamación contra a decisión de promoción/titulación”* dirixida á persoa Directora do IES Cabo Ortegal, e tramitada a través de Xefatura de Estudos, que será a encargada de darlle traslado a á persoa docente titora da/do alumna/o, como responsable da coordinación da sesión final de avaliación en que a decisión foi adoptada.

- No prazo máximo de dous días lectivos seguintes, ou ser for o caso hábiles, á finalización do período de solicitude de reclamación (cando finalicen os dous días aos que fai referencia o primeiro punto do apartado C), celebrarase unha reunión extraordinaria do equipo docente, recolléndose na acta da sesión extraordinaria a descrición dos feitos e actuación que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións e a ratificación ou modificación da decisión obxecto da revisión, razoada e motivada conforme aos criterios para a promoción ou titulación do alumnado establecidos con carácter xeral na proposta curricular do Proxecto Educativo. *ANEXO “Acta reunión do equipo docente ante a reclamación promoción ou titulación”*.
- Xefatura de Estudos, mediante o *ANEXO “Comunicación da dirección sobre a reclamación de promoción ou titulación”* comunicará como máximo no día lectivo seguinte, ou se for o caso hábil, ao alumnado, ás persoas proxenitoras (ou representantes legais) a decisión adoptada polo Equipo Docente.

D) Procedemento de reclamación ante a Xefatura Territorial.

- No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha área, materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción ou titulación adoptada polo equipo docente, o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán presentar por escrito á dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial (Coruña) da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A solicitude realizarase mediante o *ANEXO “Reclamación ante a Xefatura Territorial”* dirixida á persoa Directora do IES Cabo Ortegal.

- Será a dirección do IES Cabo Ortegal, no prazo máis breve posible e en todo caso non superior a tres días hábiles, a encargada de remitir o expediente á xefatura territorial que será remitido a través da sede electrónica empregando unha solicitude xenérica (código do procedemento PR004A) dirixida á Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Universidade, indicando no asunto relacionado “Reclamacións cualificacións finais”. Para a elaboración do expediente procederase como segue:
 - Comunicarase á persoa Inspectora do centro a relación de alumnado que presentou reclamación no centro para elevar a Xefatura Territorial indicando tamén a área ou ámbito obxecto de reclamación.
 - Elaborarase e remitirase un expediente por cada alumna/o e referido unha soa materia ou ámbito que estará formado polos seguintes documentos:
 - ✓ Escrito do/a alumno/a, persoa proxenitora ou persoa que ostente a representación legal manifestando o seu desexo de que o expediente de reclamación se remita á Xefatura Territorial.
 - ✓ Informe do/a director/a do centro, no que consten as datas de entrega das cualificacións e das distintas comunicacións ao/á alumno/a ou ás súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal, as actuacións do centro e a información adicional de que dispoña.
 - ✓ Copia da reclamación razoada presentada polo/a alumno/a, as súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal ante a dirección do centro.
 - ✓ Informe documentado do/a profesor/a da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias producidas ao longo do curso.
 - ✓ Copia do informe motivado do departamento da materia da que se solicita a revisión.
 - ✓ Copia da comunicación da decisión adoptada da xefatura de estudos.
 - ✓ Copia da programación didáctica do departamento da materia da que se solicita revisión, na que consten os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación e cualificación da materia.

- ✓ Copia dos instrumentos de avaliación empregados: exames, traballos e rexistros escritos, e demais material elaborado polo/a devandito/a alumno/a ao longo do curso na materia obxecto da reclamación. No caso de convocatoria ordinaria deberanse enviar todos os instrumentos do curso. No caso de convocatoria extraordinaria remitirase só a citada proba.
- ✓ Copia da acta de avaliación ordinaria ou extraordinaria.
- O Servizo de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do equipo docente ou departamento didáctico respectivo e da proposta curricular, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación. Poderase solicitar por parte da Inspección a colaboración de persoal docente especialista nas materias ou ámbitos obxectos de reclamación, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.
- No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, considerando o informe que elabore o Servizo de Inspección Educativa, a Xefatura Territorial adoptará a resolución pertinente, resolución que será comunicada á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada, consignándose nos correspondentes documentos oficiais, e poñendo así fin á vía administrativa.
- Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final e dos consecuentes efectos de promoción ou titulación para o alumno ou alumna, a persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e, se é o caso, nos restantes documentos de avaliación, facendo referencia á resolución estimatoria da reclamación.

Así mesmo, cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, reunirase o equipo docente en sesión extraordinaria.

E) Procedemento de reclamación en 2º curso de Bacharelato.

Tendo en conta que o segundo curso de bacharelato é un curso terminal que posibilita iniciar estudos superiores a través dunha proba de acceso, e coa finalidade de permitir a revisión das reclamacións ás cualificacións finais co tempo suficiente para que o alumno ou alumna coñeza a súa situación académica antes do inicio da proba, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional ditará as instrucións específicas para cada curso

académico, en que se establecerán o procedemento e prazos que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións.

RESUMO DOS PRAZOS NO PROCESO DE RECLAMACIÓN

Reclamacións das cualificacións e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda en ESO e 1º Bacharelato		
TRÁMITES E ACTUACIÓN		PRAZO
Presentación	Reclamación formal ante a Dirección	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación
Revisión no centro	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (Informe do equipo docente ou departamento didáctico)	Primeiro día lectivo seguinte ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión
	Comunicación da decisión ao alumnado reclamante, e á persoa docente titora	Día lectivo , ou se fose o caso, hábil, seguinte
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso de que persista o desacordo	Dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación feita por Xefatura de Estudos sobre a decisión adoptada
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión

Reclamacións cualificacións 2º Bacharelato e/ou pendentes de 1º Bacharelato (Convocatoria ordinaria - Curso 20..... - 20.....)		
TRÁMITES E ACTUACIÓNS		PRAZO
Presentación	Reclamacións ás cualificacións de Bacharelato nos centros	Publícase anualmente
Reclamación ante Xefatura Territorial	Reclamación por escrito ante a Xefatura Territorial (se persiste o desacordo)	Publícase anualmente
	Comunicación á persoa inspectora do centro da relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á Xefatura Territorial	Publícase anualmente
	Remisión do expediente á Xefatura Territorial a través da Sede electrónica	Publícase anualmente

Reclamacións cualificacións 2º Bacharelato e/ou pendentes de 1º Bacharelato (Convocatoria extraordinaria - Curso 20..... - 20.....)		
TRÁMITES E ACTUACIÓNS		PRAZO
Presentación	Reclamacións ás cualificacións de Bacharelato nos centros	Publícase anualmente
Reclamación ante Xefatura Territorial	Reclamación por escrito ante a Xefatura Territorial (se persiste o desacordo)	Publícase anualmente
	Comunicación á persoa inspectora do centro da relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á Xefatura Territorial	Publícase anualmente
	Remisión do expediente á Xefatura Territorial a través da Sede electrónica	Publícase anualmente

16. PROXECTOS EDUCATIVOS ANUAIS

Enmarcados dentro das diferentes convocatorias anuais da Consellería de Educación, o IES Cabo Ortegal fomentará a participación nos seguintes proxectos:

CLUB DE LECTURA

Consideramos que a formación dun club de lectura é unha boa fórmula para fomentar o hábito lector polo feito de incluír as condicións necesarias para motivar ao lectores e lectoras adolescentes: a posibilidade de comunicación cos seus iguais, a oportunidade de compartir gustos, inquedanzas, significados, emocións e opinión sobre as lecturas propostas.

Así pois, coa posta en marcha cada ano dun club de lectura, tentaremos promover a participación dun grupo de alumnos e alumnas para compartir as súas inquedanzas lectoras, contando coa mediación dun profesor/a que conduza todo o proceso. Tentaremos partir dende as contornas, vivencias e demandas dos participantes, e crear lectores convencidos e competentes, activos e participativos, que reinterpreten as novas sociedades dixitais e da información, dende toda a súa experiencia lectora, e as habilidades desenvolvidas con elas. Contarase coa colaboración da Biblioteca e coa participación da comunidade educativa (Proxecto Lector), procurando formar lectoras e lectores competentes e crear e consolidar o hábito de lectura como necesidade lúdica e medio de desenvolvemento persoal e social.

CLUB DE LETRAS

O Club de letras, pretende proporcionar unha visión transversal e interrelacionada das manifestacións literarias e artísticas, abordar perspectivas filosóficas e/ou históricas, así como a potenciación da capacidade creativa e de lectura reflexiva, coa finalidade de fomentar competencias de comprensión e de pensamento crítico do mundo actual.

A súa creación fomentárase nunha metodoloxía baseada no descubrimento, a indagación, o debate, a lectura reflexiva, a análise crítica, a creación e a aprendizaxe colaborativa na que o alumnado adquire o coñecemento mediante un método activo.

Desenvolverase principalmente dentro das materias transversais que formen parte do club ou a través de obradoiros xa sexan fóra ou dentro do horario lectivo do alumnado.

CLUB DE CIENCIAS

Coa creación dun club de ciencias no IES Cabo Ortegal, preténdese xerar un escenario propicio para desenvolver estratexias metodolóxicas que promovan capacidades, coñecementos e técnicas (sempre a través da indagación e a aprendizaxe colaborativa) que aumenten o interese das alumnas e alumnos participantes sobre diversos campos da Ciencia e as súas posibilidades de aplicación na Tecnoloxía.

Trátase dunha acción enmarcada dentro da Estratexia Galega de Educación Dixital.

PLAN PROXECTA

Esta iniciativa da Consellería lévase a cabo a través de diferentes organismos, e vai dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

Todos os programas que forman o plan (44 na convocatoria 2019-2020) son programas de diferentes ámbitos, elixíndose de forma anual aqueles que mellor se adapten ás características do centro, e sempre organizándose en torno as liñas estratéxicas do “desenvolvemento das competencias clave” e “desenvolvemento dos elementos transversais”.

CONTRATOS – PROGRAMA

A convocatoria dos Contratos-Programa pretende, a través das súas diferentes liñas, o desenvolvemento das competencias clave, a mellora da convivencia nos centros, a promoción da igualdade de xénero e as medidas que fomenten a inclusión, a profundización do logro da excelencia educativa, a redución da taxa de abandono escolar, así como a promoción da atención educativa para a compensación de desigualdades na educación.

Estaremos sempre abertos a participar nalgunha das liñas restantes, en función das necesidades anuais do centro.

EDIXGAL

Dende o curso académico 2017-2018, o IES Cabo Ortegal foi seleccionado para formar parte da rede de centros Edixgal en 1º da ESO despois de presentar o proxecto segundo a Resolución do 22 de maio de 2017, e que tivo a súa continuidade en 2º da ESO nos seguintes cursos académicos. Dende o ano 2021 o centro estendeu a súa participación aos cursos de 3º e 4º da ESO.

O proxecto Educación Dixital (EDixgal) ten como obxecto favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa, facilitando aos centros adscritos á Rede Abalar a dispoñibilidade de libros e doutros materiais dixitais cos que poidan desenvolver o seu proxecto curricular. Permite dotar ao centros co equipamentos e infraestruturas necesarias para o funcionamento das TIC na educación, e a utilización do libro dixital.

Outro eixo que formula, é o que consiste en dotar ao profesorado e ao resto da comunidade educativa de contidos e recursos educativos dixitais, así como de aplicacións para a mellora da comunicación entre as familias e o centro (Aplicación Abalar Móbil).

FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

Entendemos a formación do profesorado como elemento fundamental para dar resposta aos retos educativos, conseguindo unha mellora da competencia profesional dos docentes e contribuíndo así ao desenvolvemento dunha ensinanza de calidade e equidade.

A Formación do profesorado no noso centro, permitiranos planificar e articular as actuacións que, con respecto á formación consideremos necesarias, sempre permitindo atender ás necesidades detectadas no contexto do propio centro.

Tentaremos seguir na liña marcada nos últimos anos nos que se formaron seminarios e/ou grupos de traballo encamiñados a mellorar o funcionamento da biblioteca escolar, a programación e avaliación competencial, resolver e afrontar con garantías a atención resultante da diversidade do noso alumnado, a mellora da competencia dixital...

17. PLANS E PROXECTOS XERAIS DO CENTRO

Enmarcados dentro do desenvolvemento curricular e organizativo do centro, destacan os seguintes plans a ter en conta, e desenvolvidos máis polo miúdo nos correspondentes documentos:

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é un documento institucional que desenvolve as medidas xerais de atención á diversidade, concretando as actuacións dos distintos profesionais, os mecanismos de colaboración e coordinación internos, cos centros adscritos, coas familias do alumnado e cos servizos externos ao centro, así como as actuacións para a súa avaliación e seguimento.

Será o instrumento que guíe a planificación e concreción anual das medidas educativas de atención á diversidade en función das necesidades detectadas e dos recursos dispoñibles no marco da Programación Xeral Anual.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial, é o documento que recolle a organización e funcionamento das titorías que se van a realizar no centro, así como o conxunto de actividades encamiñadas á orientación personalizada do noso alumnado, tanto no educativo como no persoal e no profesional.

O plan proporcionará así os elementos que posibiliten as estratexias necesarias de actuación, a coordinación dos axentes que interveñen e as actividades específicas para conseguir un bo funcionamento das titorías.

PLAN DE IGUALDADE

Aínda que nos documentos do IES Cabo Ortegal xa figuran recollidas unha serie de medidas para favorecer a igualdade no noso centro, este Plan de recente creación, axudaranos a descubrir a tempo as condutas problemáticas e a facer reflexionar a toda a comunidade educativa sobre aqueles aspectos que por costume, por educación e por tradición nos pasan desapercibidos no día a día e que están tan apartados do que realmente debería ser unha sociedade con igualdade de trato e de oportunidades para todos os colectivos.

Permitíranos marcar uns obxectivos na promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, na prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero, na promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, e na prevención, detección e intervención en casos de LGVTIfobia. Estes obxectivos tentarase acadar cunhas medidas concretas de actuación, tanto no que respecta á organización do centro como na xestión dos espazos e recursos, na eliminación dos estereotipos de xénero e na inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

PROXECTO LINGÜÍSTICO

O Proxecto Lingüístico recollerá a regulación consensuada dos usos lingüísticos comunicativos, e a súa adecuación en todos os aspectos da vida do centro (ensino, materias, documentos, actividade...), sempre encamiñados á mellora do ensino. Tentará sempre garantir que o noso alumnado acade unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua inicial ou familiar. Neste proxecto concretaranse as medidas para a impartición do currículo integrado das linguas: criterios metodolóxicos básicos, de terminoloxía que se vaia a empregar así como o tratamento que se lle vai a dar aos contidos, criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

PROXECTO LECTOR E DE BIBLIOTECA

O Proxecto Lector é o documento que integra todas as intervencións do IES Cabo Ortegal destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas, procurando a adquisición das competencias básicas, especialmente a de comunicación lingüística,

tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e a competencia para aprender a aprender.

Os obxectivos fundamentais son: desenvolver a competencia lectora, favorecer a competencia literaria, educar no uso crítico da información, fomentar o hábito da lectura, e apoiar a adquisición de competencias básicas.

CUMPRIMENTO DE APROBACIÓN

O seguinte documento foi aprobado en sesión ordinaria de Claustro o 29 de xuño de 2020 e revisado e aprobado o seu punto 15 o 29 de abril de 2021.